

Os Premios Mestre Mateo recoñecen o traballo normalizador no ensino

A campaña **Orgullosos/as do noso, orgullosos/as do galego**, de [Filmanova S.L.](#) e a [Coordinadora Galega de ENDL](#), recibiu o **Premio Mestre Mateo 2010 á Mellor Obra Publicitaria**, modalidade na que concorria con “Cando un galego crece, toda Galicia crece” e os spots de Turgalicia e Xacobeo Lobelle. Luís Tosar, Belén Regueira, Martiño Rivas, Susana Seivane, Carlos Ares, Isabel Risco e María Castro participaron nos dous vídeos da campaña, cuxa realización recaeu na empresa Filmanova S.L. e Antón Reixa. No momento de recibiren o galardón, durante a gala que se celebrou no Auditorio de Ourense o pasado domingo 17 de abril, os representantes da Coordinadora agradeceron expresamente a súa colaboración desinteresada e dedicáronlle o premio a todas as persoas que diariamente están traballando no ensino para termos unha lingua normalizada.

Con esta iniciativa, a CGENDL pretendeu transmitir no seo da comunidade educativa, e no conxunto da sociedade, un sentimento de orgullo pola lingua propia como sentimento común de todos os galegos á marxe da orixe, a ideoloxía, o credo ou a idade de cadaquén. Este recoñecemento vén culminar o percorrido que a campaña tivo durante o curso 2009-2010, no que foron centos os centros educativos que se sumaron distribuindo os traballos, camisolas, chapas, adhesivos, etc., á vez que realizaron as súas propias achegas en forma de vídeos, textos, concertos, graffitis e todo tipo de actos.

A gala organizada pola [Academia Galega do Audiovisual](#) tamén recoñeceu o activismo social a prol da lingua galega ao premiar como Mellor Obra Interactiva a web da asociación [GalegoLab](#). Esta edición dos Mestre Mateo puxo de relevancia o bo momento creativo que atravesamos o audiovisual galego e converteu as [18 comidas](#) de Jorge Coira na grande vencedora da velada, que tamén premiou con varios galardóns as longametraxes [Retornos](#), de Luís Avilés, e [Crebinsky](#), de Enrique Otero.